

## Conclusións

Partindo dos datos cuantitativos e cualitativos obtidos no presente estudo, obsérvase que o sector téxtil en Galicia, e máis concretamente os subsectores de confección e xénero de punto, están en período de adaptación a cambios, tanto externos como internos ao propio sector.

Existe unha gran heteroxeneidade no que se refire ao tamaño das empresas. Por un lado están as denominadas empresas comercializadoras e/ou marquistas, que teñen un gran volume de facturación e de empregados. As empresas de mediano tamaño presentan un abanico de opcións que varía dende aquelas que unicamente traballan para as grandes empresas, aquelas que traballan para si mesmas coa súa propia marca e as que compaxinan os dous aspectos. Por último, as empresas de pequeno tamaño adoitan presentar unha alta especificidade, dedicándose a unha parte moi concreta do proceso produtivo, e dependen, polo xeral, das grandes e medianas empresas. Os talleres e as cooperativas son o exemplo máis claro.

As grandes empresas do sector levan a cabo todo o proceso de creación da peza de roupa, dende o deseño ata o empacitado, ou contratan os servizos dos talleres. Esta dependencia, nalgún caso total e absoluta, vai incidir negativamente na capacidade de resposta fronte a continxencias. Se a isto unimos que a dirección está formada por un núcleo excesivamente familiar e con pouca aptitude e actitude empresarial, que seguen a moda pero non planifican, obtemos que sobre todo as pequenas empresas son as primeiras en sufrir os impactos dos cambios que se están producindo.

En primeiro lugar existen unha serie de factores externos ao sector pero que inflúen de forma directa nel, como xa viu na DAFO, e que principalmente son os procesos de ampliación da UE e a finalización do acordo multifibras no 2005. Tomada coas debidas precaucións, pode ser unha vía de dobre sentido: por un lado a introdución de novos países e a diminución de barreiras comerciais incrementa a competencia a nivel nacional, pero tamén, e tomando as medidas adecuadas, pode servir de trampolín aos produtos téxtiles galegos. Iniciativas como o proxecto PIPE (Plan de Iniciación á Promoción Exterior) axudan neste sentido, pois facilitan a promoción e comercialización exterior das Pemes galegas.

En liñas globais, este comercio exterior increméntase tanto en exportacións como en importacións, aínda que por termo medio aumenten máis as importacións. Esta tendencia xeneralizada cúmprese se falamos de xénero de punto, aínda que en confección as exportacións superan ás importacións. Porén, nos últimos anos vanse igualando en valores absolutos.

A aparición de nova maquinaria nas diferentes fases do proceso produtivo (corte, cosido, etc.) orixina tamén cambios no desenvolvemento dos procesos. É unha maquinaria cada vez máis específica e cun alto grao de informatización o que crea a necesidade de formar o traballador nos diferentes tipos de máquinas e operacións que pode realizar cada apa-

rato, ademais do seu mantemento preventivo e correctivo. Porén, o elevado custo en investimento que supoñen non é facilmente asumible polas pequenas e medianas empresas, o que pode chegar a crear, a longo prazo, unha obsolescencia da maquinaria do sector téxtil galego. E máis aínda cando non existe unha seguridade de carga de traballo que vaia amortizar a renovación tecnolóxica.

Ademais, o proceso manufactureiro tende a irse fóra de Galicia, cara a terceiros países como China, onde a man de obra é moito máis barata. Esta deslocalización está producindo a perda de postos de traballo e o peche, sobre todo de talleres. Entre as solucións máis adecuadas está a de mellorar a cualificación dos traballadores, o que permitiría unha mellora das súas condicións laborais. Ademais, desta forma poderíase competir non en custo de man de obra, senón en calidade durante as fases de produción e en creatividade no caso do deseñador/a e patronista-escalador/a. Fomentar a imaxe de creación de moda de Galicia no marco europeo debe ser outra das opcións que cumprirá seguir, evitando a escasa repercusión exterior que existe na actualidade. Neste punto é importante a creación de marcas propias polas empresas, xa que lle dá máis valor engadido á peza de roupa, aínda que as materias primas e a elaboración sexa a mesma. Hai que conseguir un cambio de mentalidade empresarial das empresas familiares para pasar de producir a ofertar unha imaxe do seu produto.

Existen unhas ocupacións que nestes momentos están emerxendo nas grandes empresas, como son o encargado/a de loxística e o encargado/a de talleres exteriores, dada a gran importancia de establecer un control exhaustivo sobre os talleres e a súa produtividade. Detectouse no estudo dun modo moi claro a necesidade de establecer sistemas de control dos envíos de materiais e mercancías elaboradas debido precisamente á deslocalización antes mencionada e á internalización do sector, o que orixina un control rigoroso da situación e prazos dos produtos. Unha boa rede de distribución e de vendas é imprescindible para as grandes e medianas empresas se desexan competir dentro do mercado téxtil.

Outro problema detectado no presente estudo é a falta de asociacionismo entre as diferentes empresas, xerado por unha mentalidade individualista e desconfiada que produce o illamento destas empresas. É necesario promover proxectos de cooperación entre as empresas, co fin de favorecer a obtención de axudas, subvencións, asesoramento, novas liñas de negocio, formación dos empregados, etc. Neste punto é indispensable establecer canles de comunicación cos organismos oficiais e vías de diálogo coa administración. Tamén é importante a asociación de empresas puntuais os produtos das cales se complementen en certa medida e poidan crear tendas especializadas conxuntas, co conseguinte aforro de custos.

Ademais, as empresas están optando pola diversificación dos seus produtos e abren novos campos como a moda de fogar, complementos..., á parte de seguiren co seu eixe principal, que son as pezas de roupa de vestir. Este produto é, con gran diferenza, o que xera maior volume de compra-venda, fronte a outros produtos como as materias primas, complementos, etc.

A opción máis clara de competencia fronte a terceiros países pasa por mellorar a imaxe das pezas de roupa galegas no exterior e competir en calidade. Un dos puntos fortes do sector é a experiencia dos seus traballadores. Cunha media de idade de arredor de 36 anos, encontrámonos con operarios cun alto grao de flexibilidade e polivalencia, o que

permite que un mesmo traballador desenvolva competencias de ocupacións distintas, sobre todo na pequena empresa. Dentro da gran empresa, polo contrario, as tarefas están máis definidas, e polos datos estatísticos obtidos existe unha escasa rotación nos postos, dado que a antigüidade dos traballadores na empresa e a súa antigüidade no posto practicamente coinciden.

Estamos ante un sector eminentemente feminino, xa que máis do 90% dos traballadores son mulleres. Aínda que a maioría dos contratos son indefinidos, tamén se observa que a taxa de eventualidade en mulleres é do 50%, fronte ao 19% en homes. Se nos fixamos no tamaño das empresas, obsérvase que nas pequenas empresas predominan os autónomos e que esta porcentaxe diminúe drasticamente a medida que crece o número de traballadores.

O nivel de estudos non se corresponde co nivel de cualificacións asociado ás diferentes ocupacións, e respecto á categoría profesional a maioría dos traballadores son oficiais de 3ª. Existe a necesidade de formar e reciclar para que o propio traballador se adapte da maneira menos traumática posible aos cambios que se producen e que se aveciñan.

A formación ideal sería unha formación de base que permita a polivalencia e a adaptabilidade do traballador. Polivalencia tanto na realización de diferentes funcións de varias ocupacións como dentro dunha mesma ocupación, como por exemplo o cosedor, que manexa diferente maquinaria durante o día. Para iso é necesario deseñar plans formativos dinámicos e que recollan os cambios reais do sector, para evitar unha formación regrada excesivamente rixida e pouco práctica. Máis dun 92% dos desempregados que queren traballar no sector teñen EXB ou certificado de escolaridade, co que non se adaptan ás cualificacións demandadas polo sector. Se nos fixamos na ocupación con máis movemento, no que a oferta e demanda se refire, vemos que é a de cosedor-ensamblador/a.

Porén, estamos ante un sector pouco atractivo a priori para a xente nova, debido á excesiva carga de traballo e á pouca remuneración obtida, especialmente nas ocupacións referidas á elaboración da peza de roupa. Unha mención á parte merecen os postos de deseño e patronaxe, que, con alto grao de creación artística, si denotan unha demanda por parte do alumnado, que está a ser suplida polas academias privadas.

Existe unha falta de formadores específicos para o sector téxtil; isto orixina que sexa o persoal máis veterano o que lles ensine aos novos traballadores, coa conseguinte perda de tempo e produtividade. Ademais existe unha gran diferenza no tempo necesario para formar a cada traballador nunha ou outra función segundo a ocupación; por exemplo, no caso dun tecedor é necesario polo menos un ano de formación. En definitiva, a formación vai enfocada a conseguir unha transformación non só respecto ás aptitudes, capacidades do traballador, senón tamén nas súas actitudes e forma de enfrontarse ás tarefas cotiás do seu posto.

É evidente a falta de coñecementos, respecto a aspectos xerais do sector, como os propios procesos produtivos. A maioría das ocupacións necesitan un maior coñecemento de teas, tecidos, ferramentas, fíos e procedementos diversos, como é o caso de patronaxe.

Ademais das innovacións e cambios dentro da cadea produtiva, tamén se producen cambios en materia de normativa, sobre todo de actuación fronte aos riscos laborais e aos sistemas de xestión medioambiental; por exemplo, a Lei de prevención de riscos laborais

de 1995 e os reais decretos e normas técnicas que a desenvolven, que establecen as obrigacións e dereitos tanto do empresario como do traballador respecto á súa seguridade e hixiene laboral. Dentro do tema medioambiental cada vez son máis importantes os procesos destinados non só á redución dos residuos xerados e á súa xestión posterior, senón á elección e utilización das materias primas. Para iso é importante sensibilizar tanto en PRL como en medio ambiente.